



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

20 de maio de 2011

METEOROLOXÍA

Previsións próximos días: cara ao fin de semana aparecerán nubes baixas no litoral, con probabilidade de choivas febles no norte, e néboas no interior. A medida que avancen os días, xa dende o domingo, tenderá a lucir o sol sin que desaparezcan as nubes na súa totalidade, reduciéndose a probabilidade de choiva en calquera zona da autonomía. Aunque as tempetarutas tenden lixeiramente a ascender, os cambios serán mínimos.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

I₂ – fin da floración.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Síntomas en folla de moi escasa consideración.

Botrite o Podredumbre gris (*Botrytis cinerea*) Síntomas, sobre todo en folla, de moi escasa consideración.

Black Rot (*Guignardia bidwelli*)

Síntomas aillados en algunhas parcelas do Condado.

Polilla (*Lobesia botrana*)

Presenza de glomérulos nos acios en porcentaxes moi baixos, sempre por debaixo do umbral de tratamento. O nivel de capturas nas trampas de seguimento é similar ao da semana pasada, sendo a media de capturas 15-20 adultos en trampas de seguimento.



Recomendacións

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

As parcelas que trataron no intervalo do 5 ao 10 de maio, teñen que renovar o tratamento fitosanitario con un preparado de tipo de acción sistémica, penetrante ou cuticular.

Black Rot (*Guignardia bidwelli*)

En parcelas do Condado, para prevenir a presenza desta enfermidade, empregar preparados que conteñan mancoceb ou metiram ou azoxystrobin con dobre acción **Mildeu-Black Rot**.

Oidio (*Uncinula necator*)

Aínda que non se observan síntomas no actual estado fenolóxico, é recomendable aplicar, xunto co anterior tratamento, un preparado para o control desta enfermidade. Na comarca do Condado ter tamén en conta a dobre acción do myclobutanil para o **Oidio-Black-Rot**.



D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

H – botóns florais separados(80%) o resto no estado **I₁** - inicio de floración.

Incidencias fitopatolóxicas

En xeral, bo estado sanitario. Seguen aparecendo manchas de **Mildeu** e **Black-Rot** en follas sen que representen un risco de importancia sanitaria para o cultivo.



Foto. Detalle de mancha de Black Rot en folla.

Recomendacións

Mantense, como tratamento preventivo contra a **Acariose**, a aplicación de xofre en espolvoreo.

Estanse aplicando tratamentos preventivos para o control de **Mildeu** e **Black-Rot** a base de materias activas sistémicas e/ou de contacto. No caso de que a presenza de manchas de **Black-Rot** sexa importante, recoméndase seguir as recomendacións do servizo técnico (ver tamén Rías Baixas na páxina anterior).

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

I₁ - inicio de floración. No Albariño xa se aprecia a plena floración (**I₂**).

Incidencias fitopatolóxicas

A tónica é similar á da D.O. Ribeira Sacra, aínda que se detectan manchas secas en folla de **Botrite** pero sen relevancia.

Recomendacións

Manter vixilado o cultivo. Ao estar en floración, e tendo aplicado a semana pasada un tratamento preventivo, non é axeitado repetir o tratamento salvo que a presión da enfermidade obrigue a elo.

Estase cortando a herba do solo periódicamente para evitar a propagación dos patóxenos e a competencia co propio cultivo.



Foto. Estado de floración da variedade Torrontés (DO Ribeiro).



D. O. Monterrei

segue VIÑEDO

Estado fenolóxico medio

H – botóns florais separados. As variedades precoces, como Godello, están en inicio de floración.

Incidenias fitopatolóxicas

Tónica similar a D.O. Ribeira Sacra.

Recomendacións

Estanse aplicando tratamentos preventivos contra o **Mildeu** a base de materias activas sistémicas e/ou de contacto. Ao mesmo tempo estase tratando preventivamente contra **Black-Rot**.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

H – botóns florais separados.

Incidenias fitopatolóxicas

Tónica similar a D.O. Ribeira Sacra.

Recomendacións

Estanse aplicando tratamentos preventivos contra o **Mildeu** a base de materias activas sistémicas e/ou de contacto. Ao mesmo tempo estase tratando preventivamente contra **Black-Rot**.

PATACA

IXP Pataca de Galicia - A Limia

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

A sementeira completouse na pasada semana. Un 10% da superficie está na fase de emerxencia e o resto na fase de desenrolo da vexetación.

Recomendacións

Estanse aplicando herbicidas contra as malas herbas, tanto en pre como en post emerxencia.

Foto. Desenrolo da vexetación no cultivo de pataca na comarca da Limia.





IXP Pataca de Galicia – Terra Chá

segue PATACA

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

A sementaira está feita ao 100%. O estado de emerxencia corresponde ao 50% da superficie e o resto á fase de desenrolo da vexetación. Bo estado fitosanitario do cultivo.

Recomendacións

Estanse aplicando herbicidas contra as malas herbas, tanto en pre como en post emerxencia.

IXP Pataca de Galicia – Bergantiños

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

A sementaira está feita ao 100%. O estado de emerxencia corresponde ao 50% da superficie e o resto á fase de desenrolo da vexetación. Bo estado fitosanitario do cultivo.

Recomendacións

Estanse aplicando herbicidas contra as malas herbas, tanto en pre como en post emerxencia.

Pataca – Zona de Ribadeo

Estado fenolóxico medio e fitosanitario

Comezo da floración. 10% das flores do cultivo abertas.

HORTA

Pemento – Zona de Herbón/Padrón

Estado fenolóxico medio

Inicio das producións. Fructificación e comezo da terceira floración.

Incidencias fitopatolóxicas e recomendacións

Ataques de **pulgón** (*Aphis gossypii*) en plantas e focos localizados. Recoméndase tratamento localizado, non xeral, con produtos compatibles con control biolóxico e solta de *Aphidius colemani* e *Lysiphlebus testaceipes*.

Enviáronse mostras de planta ao laboratorio para realizar análises de **TSWV** en plantas de pemento afectadas. O resultado foi positivo, polo que recoméndase o control de **Trips** e a retirada das plantas con idéntica sintomatoloxía.

Outras recomendacións

Estanse facendo soltas de fauna auxiliar para control biolóxico de artrópodos parásitos. Entre as medidas previstas, no seu caso, están: comezo en esta semana das segundas soltas de organismos de control biolóxico, comezando por *Amblyseius cucumeris*,



Pemento – Zona de Herbón/Padrón (continuación)

segue HORTA

Amblyseius swirski para control de **ácaros** e larvas, e comezando coa primeira solta de *Aphidius colemani*. Esperase a que o volume de flores sexa maior e que estas inflorescencias teñan volume de polen suficiente para o comezo de soltas de *Orius laevigatus* e *Phisoseilus persimilis*, o que prevese para finais desta mesma semana.

FROITEIRA

Mazá de mesa

Incidencias fitopatolóxicas

Obsérvanse gromos afectados de **pulgón verde** (*Aphis pomi*), mentres que remite o ataque do **pulgón cincento** (*Disaphis plantaginea*). En canto á **Carpocapsa** (*Cydia pomonella*), esta semana non se capturou ningún macho. O repunte anómalo deste mes pode causar bastantes danos.

Recomendacións

Estamos a rematar o tempo do aclareo (45 días despois da floración).